

NORMATIVA DE ACTIVIDADES TITORIAIS DA UNIVERSIDADE DE VIGO (Aprobada en Consello de Goberno de 20 de novembro de 2020 e modificada o 28 de setembro de 2022)

Preámbulo

O *Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro*, polo que se aproba o *Estatuto del Estudiante Universitario*, no seu artigo 21 sinala que o alumnado “será asistido e orientado, individualmente, no proceso de aprendizaxe de cada materia mediante titorías desenvolvidas ao longo do curso académico”.

O artigo 9.4 do *Real Decreto 898/1985, de 30 de abril, sobre réxime de profesorado universitario* establece, con respecto ás titorías as seguintes obrigas semanais:

- a) Para o profesorado con réxime a tempo completo, seis horas semanais de titorías e asistencia ao alumnado.
- b) Para o profesorado con réxime a tempo parcial, o número de titorías e asistencia ao alumnado establecidas no seu contrato.

Os *Estatutos da Universidade de Vigo*, aprobados no Decreto 13/2019 do 24 de xaneiro, no seu artigo 64 e) recoñece como dereito do alumnado “recibir asesoramento e asistencia, educativa e profesional por parte do profesorado e dos servizos da Universidade de Vigo” e no seu artigo 79 b) recoñece como deber do Persoal Docente e Investigador (PDI) “cumprir as tarefas docentes e investigadoras correspondentes, con suxeición aos procedementos de avaliación e de control da súa actividade académica”.

No referente ás funcións dos órganos colexiados e unipersoais, os Estatutos da Universidade de Vigo tamén establecen no seu artigo 41 3.g) que é función da decana ou decano e directora ou director do centro “garantir o cumprimento dos horarios docentes e de titorías”, no seu artigo 38 2.g) que é función da xunta de centro “habilitar medidas de control para cumprir as obrigas docentes”, e no seu artigo 44.2 que é función dos departamentos “Idear a proposta de plan de ordenación docente que lle corresponda, de conformidade coa normativa da Universidade e coas necesidades xustificadas polos centros, coordinando as ensinanzas que se lle atribúan.

Así mesmo, o *Regulamento de estudantes da Universidade de Vigo*, aprobado no Claustro do 3 de abril de 2001, establece no seu artigo 21 que “o alumnado ten dereito a ser asistido e orientado individualmente e durante todo o curso académico no proceso de aprendizaxe mediante titorías no centro en que se lle imparte a docencia, sempre que sexa posible. Para tal efecto os departamentos deberán publicar e facerlle chegar ó alumnado, a través dos medios de información do centro e antes de comeza-la docencia, os horarios e os lugares de titorías do profesorado, que se adecuarán no posible ós diferentes grupos existentes”

Para garantir o cumprimento do antedito e para facilitar a xestión das titorías, faise necesaria a súa regulamentación. A presente normativa desenvolve os criterios xerais cos que o persoal docente e investigador da Universidade de Vigo realizará dita actividade docente.

Artigo 1.- Principios xerais

1. O alumnado ten dereito a ser asistido e orientado, individualmente, no proceso de aprendizaxe de cada materia mediante titorías desenvolvidas durante todos os períodos de actividade académica definidos no calendario académico aprobado polo Consello de Goberno para cada curso académico.
2. Os departamentos promoverán, como un dos seus obxectivos fundamentais, que o seu profesorado imparta titorías de calidade dirixidas a mellorar o proceso de aprendizaxe de cada materia ao longo do curso académico.
3. Corresponde aos Consellos de Departamentos validar o horario das titorías do profesorado adscrito aos mesmos de acordo co seu plan anual de actividades docentes.

Artigo 2.- Modalidades de titorías

Establécense tres modalidades de titorías:

1. Titorías **en horario fixo**. Son titorías con atención presencial en horario fixo.
2. Titorías **concertadas**. Son titorías con atención presencial en horario acordado entre o estudantando e o profesorado fundamentalmente a través do correo electrónico ou a Secretaría Virtual. Nesta modalidade, calquera solicitude de cita realizada, salvo que exista unha causa xustificada, deberá ser contestada, a máis tardar, en dous días hábiles e atendida en cinco días hábiles.
3. Titorías **mixtas**. Estableceranse as titorías mediante un reparto entre titorías presenciais en horario fixo e concertadas.

Artigo 3.- Criterios xerais das titorías.

Con carácter xeral as titorías estableceranse segundo os seguintes criterios:

1. Para unha correcta atención ao estudantado, o horario de titorías deberá permanecer estable durante todo o curso académico. Atendendo as obrigas docentes do profesorado pódense establecer planificacións diferenciadas para cada cuadrimestre.
2. As titorías presenciais levaranse a cabo no Centro docente do estudante, ben no despacho habitual do/a profesor/a, nas dependencias que este/a estime máis convenientes para o mellor desenvolvemento das mesmas ou nos espazos que poida habilitar o Centro para tal efecto. O profesorado vinculado ao sistema sanitario e o profesorado asociado en Ciencias da Saúde poderá realizar as súas titorías nos Centros Hospitalarios nos que desenvolve a súa actividade.
3. Con todo ao disposto no punto anterior, por acordo entre o profesorado e o alumnado, as sesións de titoría poderán realizarse a distancia, utilizando medios telemáticos.
4. En calquera das modalidades, as titorías deberán atenderse en horario laboral de luns a venres e dentro do horario de apertura do centro, salvo acordo expreso entre o profesorado e o alumnado para realizala noutro horario.
5. O profesorado poderá programar as súas titorías de horario fixo en unha ou varias sesións, cada unha delas dunha ou máis horas de duración.
6. O tempo máximo de atención a un estudante será de 30 minutos diarios, aínda que si as circunstancias o permiten o/a profesor/a poderá estender este tempo.

7. As actividades de tutoría deben adaptarse ás necesidades específicas de apoio educativo que presenten o estudantado, procedendo cada centro ás adaptacións precisas en función das necesidades do dito alumnado e ás orientacións recibidas desde a unidade, servizo ou vicerreitoría con competencias en materia de atención á diversidade na Universidade.

Artigo 4.- Dedicación da actividade de tutorías do profesorado.

1. O profesorado, de acordo coa súa categoría e dedicación, terá as obrigas semanais de tutoría e atención ao alumnado que figuran no Anexo I.
2. Os membros do PDI que realicen tarefas de goberno ou representación terán unha redución das súas tarefas docentes. Esta redución establécese en forma dunha porcentaxe que pretende estimar o tempo da súa xornada laboral que a persoa necesita dedicar as actividades recoñecidas, e aplicarase tanto a súa dedicación docente como ás horas semanais de tutoría que lle correspondan.
3. O profesorado que opte polas modalidades de tutorías concertada ou mixta terá a obriga de atender todas as solicitudes de tutoría que se lle soliciten durante o período correspondente, se ben poderá limitar o número máximo de tutorías a atender por semana en caso dunha demanda puntual excesiva. En todo caso, dito límite non poderá supoñer unha dedicación semanal inferior á que lle correspondería segundo os apartados 1 e 2 deste artigo.

Artigo 5.- Planificación da actividade de tutorías do profesorado.

1. Cada profesor/a elixirá ao inicio de cada cuadrimestre a modalidade na que planificará as súas tutorías, que non poderá modificar ao longo do mesmo.
2. Corresponde ao profesorado propoñer o seu horario de tutorías segundo os criterios xerais desta normativa e atendendo aos intereses e necesidades dos estudantes.
3. O profesorado distribuirá durante os cuadrimestres os seus horarios de tutorías entre os Centros nos que imparta docencia.
4. O profesorado que imparta docencia en varios campus terá un número de horas de tutorías proporcional á docencia impartida en cada campus.
5. Corresponde ao Consello de Departamento, validar os horarios de tutorías do profesorado adscrito ás áreas de coñecemento que o integran antes do inicio do curso académico ou de cada cuadrimestre. O acordo deberá remitirse aos decanos/as ou directores/as dos centros nos que o departamento imparta docencia.
6. Cando por circunstancias excepcionais e urxentes, debidamente xustificadas, os horarios de tutorías se vexan afectados, o/a director/a do departamento, adoptará as medidas provisionais oportunas para asegurar a asistencia tutorial ao estudantado.

Artigo 6.- Xestión e publicación e das tutorías.

1. A xestión das tutorías deberá realizarse a través da aplicación dispoñible na Secretaría Virtual para garantir que o estudantado teñan acceso ás mesmas automaticamente. Ademais, esta aplicación permitirá a posterior emisión de informes e certificados.

2. O profesorado, antes do comezo do curso académico ou de cada un dos cuatrimestres, debe cubrir o seu horario de titorías a través da aplicación dispoñible na súa secretaría virtual.
3. Os Departamentos organizarán o proceso de xestión de titorías para garantir que estean publicadas 5 días antes do comezo de cada cuatrimestre, de acordo co calendario académico aprobado en Consello de Goberno.
4. Os horarios de titorías de todo o profesorado publicaranse na páxina web da Universidade de Vigo unha vez validados polos departamentos.
5. Na publicación dos horarios de titorías deberán figurar os días, horas e lugar no que se desenvolvan. No caso de titorías concertadas, na páxina web aparecerá unha mensaxe coa indicación do procedemento que debe seguir o alumnado para realizar a solicitude.

Artigo 7.- Modificación do horario de titorías.

1. As titorías serán actualizadas na aplicación informática directamente por cada profesor/a para garantir que a información se manteña actualizada e se adapte coa maior celeridade posible ás circunstancias que poidan producirse durante o curso (ausencias, baixas, permisos...) co fin de ofrecer unha información veraz ao alumnado.
2. Para a validación das modificacións, o/a director/a de departamento deberá proceder segundo o indicado no artigo 5 desta normativa.
3. Para garantir a veracidade e integridade dos datos, a aplicación terá restricións para a edición de datos unha vez vencida a data do período que se pretende actualizar. Soamente o/a director/a e o/a secretario/a de departamento poden validar os datos con datas vencidas exclusivamente co fin de corrixir erros, de acordo co procedemento e requisitos establecidos por cada departamento. O departamento velará porque esta funcionalidade se utilice para os fins previstos de un xeito racional para non comprometer a integridade e veracidade dos datos.

Artigo 8.- Control do cumprimento das titorías.

1. Cada centro terá acceso á consulta da planificación das titorías do seu profesorado.
2. Corresponderá aos Decanos/as e Directores/as de Centro controlar e garantir o cumprimento efectivo dos horarios de titorías do profesorado do Centro, utilizando os mecanismos establecidos a tal efecto pola Xunta de Centro e, de ser o caso, polo Sistema de Garantía de Calidade do Centro.

Artigo 9.- Estudantes con discapacidade.

1. Cando as circunstancias do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo así o requira, estableceranse titorías específicas en función das súas necesidades en coordinación e baixo a supervisión do Servizo ou Vicerreitoría competente da Universidade de Vigo.

Artigo 10.- Actividade titorial intercampus.

1. O profesorado que imparta docencia en varios campus deberá planificar a súa actividade titorial de acordo co punto 5.4 desta normativa.
2. Para ter dereito ao pagamento polos desprazamentos intercampus, deberán cumprirse os requisitos establecidos nas *Instrucións sobre a liquidación de desprazamentos intercampus* que cada curso académico establece a vicerreitoría con competencias en ordenación académica. En todo caso durante os períodos lectivos con actividade docente, só se liquidarán aquelas titorías que

coincidan con días nos que o/a profesor/a imparta docencia. Durante os períodos lectivos sen actividade docente, liquidaranse só titorías nun único día da semana. Non se poderá liquidar manutención nestes desprazamentos.

Disposición final.

A presente normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación no Consello de Goberno.

ANEXO I

PROFESORADO	CATEG	DEDIC.	HORAS DOCENCIA ANUAL	HORAS TUTORÍA SEMANAL
CATEDRÁTICO/A DE UNIVERSIDADE	CU	TC	De acordo coa normativa aprobada	6
TITULAR DE UNIVERSIDADE	TU	TC	De acordo coa normativa aprobada	6
CATEDRÁTICO/A DE ESCOLA UNIVERSITARIA	CE	TC	De acordo coa normativa aprobada	6
TITULAR DE ESCOLA UNIVERSITARIA	TE	TC	De acordo coa normativa aprobada	6
TITULAR DE UNIVERSIDADE - PLAZA VINCULADA	TUPV	TC	De acordo coa normativa aprobada	3
PROFESOR/A CONTRATADO DOUTOR	DO	TC	De acordo coa normativa aprobada	6
PROFESOR/A AXUDANTE DOUTOR	AX2	TC	240	6
AXUDANTE	AX1	TC	60	2
VISITANTE	VI	TC	240	6
LECTOR/A	LE	TC	360	6
EMÉRITO/A	EM	TC	non imparte docencia	
ASOCIADO/A TIEMPO PARCIAL - PROFESOR/A INTERINO DE SUBSTITUCIÓN - LECTOR/A	A3/PI/LE	P3	90	2
ASOCIADO/A TIEMPO PARCIAL - PROFESOR/A INTERINO DE SUBSTITUCIÓN - LECTOR/A	A3/PI/LE	P4	120	2,5
ASOCIADO/A TIEMPO PARCIAL - PROFESOR/A INTERINO DE SUBSTITUCIÓN - LECTOR/A	A3/PI/LE	P5	150	3,5
ASOCIADO/A TIEMPO PARCIAL - PROFESOR/A INTERINO DE SUBSTITUCIÓN - LECTOR/A	A3/PI/LE	P6	180	4
LECTOR/A	LE	P8	240	6
LECTOR/A	LE	P10	300	6
PERMANENTE				
TEMPORAL				
A TEMPO COMPLETO				
A TEMPO PARCIAL				

INVESTIGADOR/A	CATEGORÍA	DEDIC.	HORAS DOCENCIA ANUAL (max)*	HORAS TUTORÍA SEMANAL
PREDOUTORAL XUNTA DE GALICIA	BXUN	TC	60	1,5**
FPU/PREDOUTORAL MINISTERIO	BFPU	TC	60	1,5**
FPI/PREDOUTORAL MINISTERIO	BFPI	TC	60	1,5**
PREDOUTORAL UNIVERSIDADE DE VIGO	BUVI	TC	60	1,5**
POSDOUTORAL XUNTA MODALIDADE A	PXGA	TC	80	2
POSDOUTORAL XUNTA MODALIDADE B	PXGB	TC	80	2
POSDOUTORAL PROXECTOS MINISTERIO XOVES INVESTIGADORES	PX13	TC	80	2
POP/Período Orientación Posdoutoral Ministerio (FPI)	POP	TC	60	1,5
PROGRAMA RAMÓN Y CAJAL	IRYC	TC	80	2
PROGRAMA JUAN DE LA CIERVA	IJDC	TC	80	2
PROGRAMA BEATRIZ GALINDO	IBG	TC	160	4
INVESTIGADOR/A DISTINGUIDO/A LEY DA CIENCIA	IDIST	TC	240	6
CONTRATO ACCESO DE PERSOAL INVESTIGADOR DOUTOR	CAPID	TC	100	2,5
PROGRAMA MARÍA ZAMBRADO	IMZ	TC	60	1,5
PROGRMA MAGARITAL SALAS	IMS	TC	30	1

*Segundo as condicións que se establezan na convocatoria.

**Poderán realizalas de xeito voluntario

OUTRO PROFESORADO	CATEGORÍA	HORAS TUTORÍA SEMANAL
EXTERNO (MÁSTER)	EXTERNO	NON IMPARTEN TUTORÍAS